CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 10 DE MARZO DE 2026

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día dez de marzo de dous mil vinte e seis, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D.ª PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora accidental, D.ª Sonia Machín Herranz, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 10 de marzo de 2026, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_20260310100009000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 11.283,88 EUROS

***Acceso á videoacta* – 00:00:40 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: ZSOjJtaicAZG4go6WR+7), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión extraordinaria de data 5 de marzo de 2026, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Vista a miña providencia de data 19 de decembro de 2025 na que dispoño que *polos servizos da Intervención municipal se proceda, na medida do posible, á fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas, nos termos do artigo 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, das facturas pendentes de aprobación correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores, que consten na contabilidade municipal, tendo en conta que o Pleno ordinario do mes de decembro se celebrará con data 23 de decembro de* 2025 (CVD: y+kiNWIQh0mR8DR6l94i).

Visto o informe da intervencion municipal referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos, de data 22 de decembro de 2025 (CVD: om1NMwjkYaOucj2Sdf8J)

Visto o informe da intervencion municipal referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos.BIS, de data 23 de decembro de 2025 (CVD: mZDNEpae49l32AOaPbVU), que, entre outros aspectos informa:

"III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O principio de anualidade.

Un dos principios básicos que rexen a execución do gasto na Administración Pública e, en particular, na Administración local é o principio de anualidade na imputación orzamentaria dos ingresos e gastos liquidados pola entidade. Así o artigo 163 do TRLFL

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

dispón que: "*El ejercicio presupuestario coincidirá con el año natural y a él se imputarán: a) Los derechos liquidados en el ejercicio, cualquiera que sea el período de que deriven; y b) Las obligaciones reconocidas durante el ejercicio*"

De xeito máis concreto, o artigo 176.1 do mesmo texto legal precisa o criterio xeral de imputación de gastos e ingresos:

> "1. *Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario*".

No apartado 2 do citado precepto, recóllense as excepcións a esta regra xeral, as cales son as que seguen:

> "*a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.*
> *b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el articulo 182.3*"

En consecuencia, o principìo de anualidade exposto implica que o recoñecemento de obrigas económicas a cargo do concello deberá ser imputado e ter o seu reflexo contable e orzamentario con cargo aos orzamentos do mesmo ano no que se realizou a prestación, adquisición ou servizo, prohibíndose polo tanto, a imputación dos gastos a exercicios orzamentarios diferentes aos da realización do gasto, a excepción dos dous supostos previstos no artigo antes citado.

A maior abundamento, o artigo 175 do TRLFL establece que:

> "*Los créditos para gastos que el último día del ejercicio presupuestario no estén afectados al cumplimiento de obligaciones ya reconocidas quedarán anulados de pleno derecho, sin más excepciones que las señaladas en el articulo 182 de esta Ley".*

O RD 500/1990 no seu artigo 26 reproduce o disposto no artigo 176 do TRLFL en materia de temporalidade dos créditos. Nembargantes e aínda que o TRLFL non contén previsión algunha ao respecto, o citado artigo 26 engade unha excepción máis ao principio de anualidade ao establecer que tamén poderán imputarse ao orzamento corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto legal (recoñecemento extraxudicial de créditos).

SEGUNDA.- O carácter subsidiario e excepcional do Enriquecemento Inxusto. Esixencia da concurrencia dunha serie de requisitos co fin de evitar que as situacións nas que pode darse un eventual enriquecemento inxusto se convertan nun medio fácil de eludir as esixencias formais e procedementais legalmente establecidas.

O artigo 173 do TRLFL dispón que "*Las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la hacienda local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos presupuestos,.., o de sentencia judicial firme*". Así pois, a sensu contrario, os gastos e en xeral as obrigas económicas que non teñan o seu orixe na execución de orzamentos ou que se teñan realizado vulnerando o procedemento de execución orzamentaria, non resultan esixibles da facenda local.

Así resultaría inviable a imputación dun gasto realizado no exercicio anterior ao orzamento corrente, dada a vulneración do principio de anualidade, e incluso tampouco resultaría esixible o pagamento do mesmo, por infrinxirse o procedemento de xestión orzamentaria.

Este rigor da norma resulta matizado pola figura do enriquecemento inxusto, a cal debe ter carácter subsidiario dado o quebranto económico que pode ocasionar o uso abusivo de dita figura.

Pódese definir o "*enriquecemento inxusto"* como unha figura resarcitoria de creación xurisprudencial, que cristalizou nun principio xeral do dereito informador do ordenamento xurídico que prohibe o enriquecemento inxusto, e na acción concreta *(actio rem in verso*) que, en sede contencioso-administrativa, ampara o resarcimento que emana do mesmo.

No ámbito das administracións públicas e do seu sector público instrumental, a vía do enriquecemento inxusto alcanza unha importancia extraordinaria por canto se configura como a **orixe dunha obrigación de pago aínda que ÚNICAMENTE cando concorren os requisitos da doutrina xurisprudencial**. Así, a este respecto o fundamento xurídico Terceiro da STS 4480/2023 (Sala de lo Contencioso, Sección: 3) Nº de Recurso: 6316/2020, Nº de Resolución: 1275/2023 dispón o seguinte: (* o subliñado é propio)

> *"(.../...) TERCERO.- La jurisprudencia de la Sala sobre la aplicación del principio de la prohibición del enriquecimiento injusto.*

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

1.- El principio del enriquecimiento injusto o sin causa, que en su inicio fue elaborado por la jurisprudencia en el orden civil, ha sido acogido y viene siendo aplicado por la jurisprudencia de esta Sala, al menos, según señalan las sentencias de 15 de abril de 2002 (recurso 10381/1997) y 11 de mayo de 2004 (recurso 3554/1999), desde los años sesenta, con ciertas matizaciones derivadas de las singularidades propias de la relación jurídico administrativa.

2.- En la aplicación del principio de enriquecimiento injusto o sin causa, esta Sala viene exigiendo los mismos requisitos establecidos por la jurisprudencia civil, que sintetizan las dos sentencias antes reseñadas en la forma siguiente:

"a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.
b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuaniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.
c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. d) O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.
La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia".

3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una nueva exigencia, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.

Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el desequilibrio "ha de estar constituido por prestaciones del particularque no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración"
(.../...)"

A este respecto cabe destacar que a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos (*** a negrita e o subliñado é propio**):

"(.../...) ***B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.***

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.
Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administraciónpoidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.
En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.
A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. ***Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite****.*

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)"

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pon de manifesto o seguinte (*** a negrita e o subliñado é propio**):

"(.../...)
Entiendo que en base a dicha doctrina, ***no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista****.*
Como se ha expuesto ***la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado*** *(…./….) "*

O Consello Consultivo de Castilla y León sinala tamén sobre este particular no seu ditame 282/2016, de 28 de xullo o seguinte: : **(*a negrita e o subliñado é propio)**

"(…/…) **Para aplicar el límite derivado de la buena fe** o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es **necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla**. Esta exigencia es coherente con el fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que solo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.

En este sentido, el nivel de diligencia exigible dependerá de la persona del interesado, sin que pueda ser exigible el mismo nivel de diligencia, por ejemplo, a un experto en el asunto de que se trate que a un completo desconocedor del régimen jurídico de una materia. (.../...)"

Asemade, o Consello Consultivo de Andalucía no ditame 40/2022, de 27 de xaneiro expón o seguinte: **(*a negrita e o subliñado é propio)**

"(…./….) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el ***contratista*** *que* ***consiente una irregular actuación administrativa****, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se* ***constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios****. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento."*

TERCEIRA.- A existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Ao abeiro do artigo 170 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante. Os niveis de vinculación serán os que veñan establecidos en cada momento pola lexislación orzamentaria do Estado, salvo que regulamentariamente se dispoña outra cousa.

O artigo 31.2.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. A base 10ª das de execución do orzamento xeral para o exercicio 2024 prorrogado establece o seguinte nivel de vinculación xurídica para os créditos do capítulos para os créditos dos capítulos 2 (gastos correntes en bens e servizos), 4 (transferencias correntes), 6 (investimentos reais), e 7 (transferencias de capital):
- das Áreas de gasto 1 (Servizos públicos Básicos), 2 (Actuacións de protección e promoción social), e 3 (Produción de bens públicos de carácter preferente): a nivel de política de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.
Establécese como excepción ao nivel xeral de vinculación xurídica dos créditos, que os créditos do programa 337, vincularán a nivel de grupo de programa (tres díxitos).
- do resto das Áreas de gasto: a nivel de área de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente para os gastos aos que se refiren as consideracións Cuarta a Décimo Sexta.

(...)

IV.- CONCLUSIÓNS.

1.- O artigo 31.2.a) do RD 500/1990 de 20 de abril dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación para os gastos aos que se refiren as consideracións Cuarta a Decimosexta.

2.- Son obxecto de **reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL (omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais), as facturas detalladas nas consideracións xurídicas Cuarta, Décima, Décimo Primeira, Décimo Segunda e Décimo Terceira e** polos motivos e incumprimentos sinalados.

3.- Son obxecto de **reparo non suspensivo**, ao non ter amparo no artigo 216 do TRLFL os defectos observados, as facturas detalladas nas consideracions xuridicas **Quinta, Sexta, Sétima, Oitava, Novena**, **Décimo Cuarta** e **Décimo Quinta** polos incumprimentos nelas detallados.

4.- Son obxecto fiscalizacion de conformidade as facturas e gastos que se detallan na consideración xurídica **Décimo Sexta**.

5.- A acción de enriquecemento inxusto debe ter carácter subsidiario. Con todo, o carácter subsidiario e excepcional que, por natureza, debe ter a acción de enriquecemento, non se cumpre. Esta figura pasou de ser "de uso excepcional" a unha práctica habitual do funcionamento das nosas institucións públicas, isto é "de abuso xeral".

O uso abusivo do enriquecemento inxusto "normaliza" a fuxida da lexítima condición de contratista polos leitos legais (procedementos de licitación con publicidade e concorrencia competitiva), e abre a porta aos conflitos de intereses ao "lexitimar" pagos por encargo á marxe dos devanditos leitos legais, en colisión frontal cos principios xerais da Unión Europea de igualdade, transparencia e libre concorrencia, así como coas regras que protexen a libre competencia no normal funcionamento dos mercados. Á súa vez, o abuso desta vía impide ou dificulta excesivamente o control da execución da prestación xa que, en moitos casos tan só existirá unha comprobación formal da investimento pero non material do acomodo real do encargo ás necesidades da Administración e a satisfacción desta.

Cabe destacar o presumible quebranto económico que o uso abusivo do enriquecemento inxusto pode ocasionar. O prexuízo que para as arcas públicas supoñen os encargos de prestacións sen concorrencia competitiva e, polo tanto, sen que exista unha comparativa de prezos que permitan equiparar o seu prezo ao seu xusto valor de mercado, poñendo en tela de xuicio os principios de necesidade, eficacia, eficiencia e economía que, entre outros, deben guiar o gasto público.

Os fondos utilizados por calquera Administración son públicos, é dicir, de todos os cidadáns e precisamente por iso non poden ser manexados sen cumprir unha serie de requisitos mínimos establecidos pola lei para asegurar que a Administración Pública sirva con obxectividade os intereses xerais e actúe dacordo con os principios de eficacia, jerarquia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito (art.103 Constitución).

6.- **A última cuestión que procede abordar é a relativa á posible responsabilidade das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregulares, e respecto diso pódense facer as seguintes consideracións:**

O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento común aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo da Administración recollido nos arts. 36 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao seu

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben descoido grave (SSTS de 23-09-1994 e 10-05-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva á que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou descoido grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliable economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

-Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersoal son quen os dita.
-Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
-A responsabilidade esixible o é na medida en que se causase dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou descoido grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
-Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou descoido grave de autoridades ou persoal dela dependente.
-A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptible de responsabilidade.
-A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
-En canto á responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Axuizamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas habemos de remitirnos á Disposición Adicional 19ª do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e actualmente á Disposición adicional 28ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que diferencian entre:

a.- Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AAPP derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración que se esixirá conforme a regulación contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na normativa regulamentaria de desenvolvemento da mesma.

b.- Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AAPP, no caso de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que se esixirá conforme á normativa especifica na materia.

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos realizouse sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos computadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLFL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación: así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no artigo 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

Non podemos esquecer o regulado nos arts. 11 e 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de trasparencia, acceso á información pública e bo goberno, concretamente o art. 28.c) cualifica como infracción moi grave os compromisos de gasto, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente ou con infracción do disposto na Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa preceptiva orzamentaria que sexa aplicable e o apartado d) cualifica cambien como infracción moi grave a omision do tramite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte a reparos suspensivos da intervención regulado na normativa orzamentaria .

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

En conclusión, tal e como establece o art. 103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito polo que as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido cumprimento da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ese cumprimento.

Advirto por escrito á Corporación que, de conformidade có artigo 5.2 do RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:

> *"2. Cuando en la práctica de un control el órgano interventor actuante aprecie que los hechos acreditados o comprobados pudieran ser susceptibles de constituir una infracción administrativa o dar lugar a la exigencia de responsabilidades contables o penales lo pondrá en conocimiento del órgano competente, de acuerdo con las reglas que se establecen a continuación:*
>
> *a) Cuando los hechos pudieran ser constitutivos de delito, las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable, sin perjuicio de que el Tribunal de Cuentas conozca, en el ámbito de sus competencias, de aquellos hechos que hayan originado menoscabo de fondos públicos.*
>
> *b) En el caso de hechos que pudieran ser constitutivos de infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria de las previstas en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que no siendo constitutivas de delito afecten a presuntos responsables comprendidos en el ámbito de aplicación de la citada ley, dará traslado de las actuaciones al órgano competente, sin perjuicio de poner los hechos en conocimiento del Tribunal de Cuentas por si procediese, en su caso, la incoación del oportuno procedimiento de responsabilidad contable.*
>
> *c) En los restantes casos no comprendidos en los epígrafes a) y b) anteriores, se estará con carácter general a lo dispuesto en la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas y en la Ley 7/1988, del 5 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas" "*

Tendo en conta que son obxecto de reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL (omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais), as facturas detalladas na consideración xurídica Décima, polos motivos e incumprimentos sinalados.

Tendo en conta os informes emitidos polo axente de protección civil e coordinador do servizo en funcións con data 13.02.2026 (CVD: Dc75msWAzQTR4kJR2oeI) e polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 24.02.2026 (CVD: wehcbLQTL9XceW7AItP5).

Vista a nota informativa da Secretaría municipal 14/2026 de data 25.02.2026 (CVD: dNH7KpaBriy+SW0uUkh), que comparte o criterio desfavorable da intervención municipal, e entre outros, informa que *"(...) os respectivos contratos referidos ás prestacións verbo das que a sra. Interventora motiva os seus reparos na ausencia de procedemento de contratación debéronse adxudicar (sempre que estivera debidamente xustificada anecesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo) a través dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na legislación vixente ,resultando además, que o artigo 37 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público(LCSP), prohíbe a contratación verbal, ao establecer que "Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente,salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia".*

O artigo 99.2 da LCSP dispón que non poderá fraccionarse o obxecto dun contrato coa finalidade de diminuir a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos de adxudicación que corresponda. Infórmase que as contratacións verbais contraveñen a normativa de aplicación, xa que as contratacións verbais están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito.

En todo caso reitérase o informado por esta secretaría verbo da necesidade de proceder á contratación das diversas prestación regulares que requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de suministro o de servicios-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atopedebidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrencia, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación así como a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:"(..../....)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.
(..../....)"."

Polo exposto, e polo que **se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos.BIS, de data 23.12.2025, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración Décima do mesmo (CVD: mZDNEpae49l32AoaPbVU), tendo en conta os informes emitidos polo axente de protección civil e coordinador do servizo en funcións con data 13.02.2026 (CVD: Dc75msWAzQTR4kJR2oeI) e polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 24.02.2026 (CVD: wehcbLQTL9XceW7AItP5).

Segundo: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2026 por importe de 11.283,88 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplicación
F/2023/2246	02/06/2023	230961	31/05/2023	20,23	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	SUMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PROTECCIÓN CIVIL	135 22199
F/2023/4794	19/12/2023	GC 2303005	19/12/2023	565,58	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	REPARACIÓN VEHÍCULO 3962 HMW PROTECCIÓN CIVIL	135 21400
F/2024/2238	02/07/2024	Emit- 133	01/07/2024	528,23	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	SUMINISTRO DE 187 MEDALLAS Y 69 DISCOS TORNEO MIGUEL CARIDAD DENTRO LIGA RÍAS ALTAS DE JUDO 2023	341 22199
F/2024/3310	03/10/2024	24 00479	02/10/2024	2.221,74	F70380167	3C CALIDAD Y CONTROL, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	CONTROL DE CALIDAD DE LA OBRA: ""REORDENACIÓN DEL ENTORNO DEL PARQUE INFANTIL DE LA RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ.	151 22706
F/2024/2989	04/09/2024	241015	31/08/2024	77,00	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	SUMINISTRO DIVERSO MATERIAL DEPARTAMENTO PROTECCION CIVIL	135 22699
F/2024/3539	08/10/2024	24043237	30/09/2024	1.840,69	A08950685	AIRBOX, S.A.	REVISION ANUAL EQUIPOS DE ESCAPE Y BOTELLAS PROTECCIÓN CIVIL	135 21300
F/2024/3595	16/10/2024	241103	30/09/2024	151,65	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	SUMINISTRO ZAPATO U-POWER PROTECCIÓN CIVIL Y OTROS MATERIALES	135 22199
F/2024/3951	13/11/2024	48244316	13/11/2024	124,79	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	SEGURO ACCIDENTES PROTECCION CIVIL 11/11-12/12 2024	135 22400
F/2024/3965	21/11/2024	Emit- 302	21/11/2024	317,46	B70576095	AUTOTALLER JM ASOCIADOS 2019 S.L.	REPARACION FURGON IVECO DAILY MATRICULA 3962HMW (BATERIA 120A+MANO DE OBRA). PROTECCION CIVIL	135 21400
F/2024/3968	21/11/2024	Emit- 319	21/11/2024	391,17	B70576095	AUTOTALLER JM	CAMBIO 2 NEUMATICOS 255/60	135 21400

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

						ASOCIADOS 2019 S.L.	R18 112V DEL VEHICULO NISSAN NAVARRA MATRICULA 8495JSF. PROTECCION CIVIL.	
F/2024/3971	22/11/2024	D01 11752	22/11/2024	2.002,55	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	DIVERSO MATERIAL PARA PROTECCION CIVIL	135 22104
F/2024/3972	22/11/2024	D01 11753	22/11/2024	116,16	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	PANTALON CAMPAÑA PROTECCION CIVIL	135 22104
F/2024/3973	22/11/2024	D01 11754	22/11/2024	169,40	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	CHALECO CABO Ref. CL702 ROJO CON PERSONALIZACION	135 22104
F/2024/3977	22/11/2024	D01 11759	22/11/2024	683,65	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	SUMINISTRO DE CESTA PORTA MANGUERA 250 Y CESTA PORTA MANGUERA 450.	135 22199
F/2024/4270	11/12/2024	241328	30/11/2024	67,16	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	SUMINISTRO DIVERSO MATERIAL PROTECCION CIVIL NOVIEMBRE 2024	135 22199
F/2024/4284	13/12/2024	GC 2403103	13/12/2024	2.006,42	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	SERVICIO DE REPARACION DEL VEHICULO MATRICULA 3962HMW PROTECCION CIVIL.	135 21400
			TOTAL	**11.283,88 euros**				

Terceiro: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, López Louro e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: ZSOjJtaicAZG4go6WR+7), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2. PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 25.613,76 EUROS

***Acceso á videoacta* – 00:12:53 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: 2MTzgU1X0AwOCHbqEq49), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión extraordinaria de data 5 de marzo de 2026, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Vista a miña providencia de data 25 de febreiro de 2026 na que dispoño que polos servizos da Intervención municipal se proceda á fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas, nos termos do artigo 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, das facturas pendentes de aprobación correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores, que se detallan na mesma (CVD: PT2kOYtEFYiKIRgUbdDJ).

Visto o informe da intervencion municipal referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos, de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: iXipkWRkJCj45t1oygi1), que, entre outros aspectos informa:

"III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O principio de anualidade.

Un dos principios básicos que rexen a execución do gasto na Administración Pública e, en particular, na Administración local é o principio de anualidade na imputación orzamentaria dos ingresos e gastos liquidados pola entidade. Así o artigo 163 do TRLFL dispón que: *"El ejercicio presupuestario coincidirá con el año natural y a él se imputarán: a) Los derechos liquidados en el ejercicio, cualquiera que sea el período de que deriven; y b) Las obligaciones reconocidas durante el ejercicio"*

De xeito máis concreto, o artigo 176.1 do mesmo texto legal precisa o criterio xeral de imputación de gastos e ingresos:

> "1. *Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario*".

No apartado 2 do citado precepto, recóllense as excepcións a esta regra xeral, as cales son as que seguen:

> "*a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.*
> *b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el articulo 182.3*"

En consecuencia, o principìo de anualidade exposto implica que o recoñecemento de obrigas económicas a cargo do concello deberá ser imputado e ter o seu reflexo contable e orzamentario con cargo aos orzamentos do mesmo ano no que se realizou a prestación, adquisición ou servizo, prohibíndose polo tanto, a imputación dos gastos a exercicios orzamentarios diferentes aos da realización do gasto, a excepción dos dous supostos previstos no artigo antes citado.

A maior abundamento, o artigo 175 do TRLFL establece que:

> "*Los créditos para gastos que el último día del ejercicio presupuestario no estén afectados al cumplimiento de obligaciones ya reconocidas quedarán anulados de pleno derecho, sin más excepciones que las señaladas en el articulo 182 de esta Ley".*

O RD 500/1990 no seu artigo 26 reproduce o disposto no artigo 176 do TRLFL en materia de temporalidade dos créditos. Nembargantes e aínda que o TRLFL non contén previsión algunha ao respecto, o citado artigo 26 engade unha excepción

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

máis ao principio de anualidade ao establecer que tamén poderán imputarse ao orzamento corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto legal (recoñecemento extraxudicial de créditos).

SEGUNDA.- O carácter subsidiario e excepcional do Enriquecemento Inxusto. Esixencia da concurrencia dunha serie de requisitos co fin de evitar que as situacións nas que pode darse un eventual enriquecemento inxusto se convertan nun medio fácil de eludir as esixencias formais e procedementais legalmente establecidas.

O artigo 173 do TRLFL dispón que "*Las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la hacienda local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos presupuestos,.., o de sentencia judicial firme*". Así pois, a sensu contrario, os gastos e en xeral as obrigas económicas que non teñan o seu orixe na execución de orzamentos ou que se teñan realizado vulnerando o procedemento de execución orzamentaria, non resultan esixibles da facenda local.

Así resultaría inviable a imputación dun gasto realizado no exercicio anterior ao orzamento corrente, dada a vulneración do principio de anualidade, e incluso tampouco resultaría esixible o pagamento do mesmo, por infrinxirse o procedemento de xestión orzamentaria.

Este rigor da norma resulta matizado pola figura do enriquecemento inxusto, a cal debe ter carácter subsidiario dado o quebranto económico que pode ocasionar o uso abusivo de dita figura.

Pódese definir o "*enriquecemento inxusto"* como unha figura resarcitoria de creación xurisprudencial, que cristalizou nun principio xeral do dereito informador do ordenamento xurídico que prohibe o enriquecemento inxusto, e na acción concreta *(actio rem in verso*) que, en sede contencioso-administrativa, ampara o resarcimento que emana do mesmo.

No ámbito das administracións públicas e do seu sector público instrumental, a vía do enriquecemento inxusto alcanza unha importancia extraordinaria por canto se configura como a **orixe dunha obrigación de pago aínda que ÚNICAMENTE cando concorren os requisitos da doutrina xurisprudencial**. Así, a este respecto o fundamento xurídico Terceiro da STS 4480/2023 (Sala de lo Contencioso, Sección: 3) Nº de Recurso: 6316/2020, Nº de Resolución: 1275/2023 dispón o seguinte: (* o subliñado é propio)

> *"(.../...) TERCERO.- La jurisprudencia de la Sala sobre la aplicación del principio de la prohibición del enriquecimiento injusto.*
>
> *1.- El principio del enriquecimiento injusto o sin causa, que en su inicio fue elaborado por la jurisprudencia en el orden civil, ha sido acogido y viene siendo aplicado por la jurisprudencia de esta Sala, al menos, según señalan las sentencias de 15 de abril de 2002 (recurso 10381/1997) y 11 de mayo de 2004 (recurso 3554/1999), desde los años sesenta, con ciertas matizaciones derivadas de las singularidades propias de la relación jurídico administrativa.*
>
> *2.- En la aplicación del principio de enriquecimiento injusto o sin causa, esta Sala viene exigiendo los mismos requisitos establecidos por la jurisprudencia civil, que sintetizan las dos sentencias antes reseñadas en la forma siguiente:*
>
> *"a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.*
> *b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuaniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.*
> *c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. d) O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.*
> *La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."*
>
> *En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia".*

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una nueva exigencia, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.

Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el desequilibrio "ha de estar constituido por prestaciones del particularque no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración" (.../...)"

A este respecto cabe destacar que a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) manifféstase nos seguintes termos (*** a negrita e o subliñado é propio**):

"(.../...) ***B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.***

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.
Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administraciónpoidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.
En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.
A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. ***Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite****.*
En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)"

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pon de manifesto o seguinte (*** a negrita e o subliñado é propio**):

"(.../...)
Entiendo que en base a dicha doctrina, ***no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista****.*
Como se ha expuesto ***la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la***

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

> ***contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado*** *(…./….)* "

O Consello Consultivo de Castilla y León sinala tamén sobre este particular no seu ditame 282/2016, de 28 de xullo o seguinte: : **(*a negrita e o subliñado é propio)**

> "(…/…) **Para aplicar el límite derivado de la buena fe** o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es **necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla**. Esta exigencia es coherente con el fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que solo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.
>
> En este sentido, el nivel de diligencia exigible dependerá de la persona del interesado, sin que pueda ser exigible el mismo nivel de diligencia, por ejemplo, a un experto en el asunto de que se trate que a un completo desconocedor del régimen jurídico de una materia. (.../...)"

Asemade, o Consello Consultivo de Andalucía no ditame 40/2022, de 27 de xaneiro expón o seguinte: **(*a negrita e o subliñado é propio)**

> *"(…./….) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el **contratista** que **consiente una irregular actuación administrativa**, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se **constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios.** En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento."*

TERCEIRA.- A existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Ao abeiro do artigo 170 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante. Os niveis de vinculación serán os que veñan establecidos en cada momento pola lexislación orzamentaria do Estado, salvo que regulamentariamente se dispoña outra cousa.

O artigo 31.2.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. A base 10ª das de execución do orzamento xeral para o exercicio 2024 prorrogado establece o seguinte nivel de vinculación xurídica para os créditos do capítulos para os créditos dos capítulos 2 (gastos correntes en bens e servizos), 4 (transferencias correntes), 6 (investimentos reais), e 7 (transferencias de capital):
- das Áreas de gasto 1 (Servizos públicos Básicos), 2 (Actuacións de protección e promoción social), e 3 (Produción de bens públicos de carácter preferente): a nivel de política de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.
Establécese como excepción ao nivel xeral de vinculación xurídica dos créditos, que os créditos do programa 337, vincularán a nivel de grupo de programa (tres díxitos).
- do resto das Áreas de gasto: a nivel de área de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.

Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente para os gastos aos que se refiren as consideracións Quinta a Novena.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

(...)

IV.- CONCLUSIÓNS.

1.- O artigo 31.2.a) do RD 500/1990 de 20 de abril dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación para os gastos aos que se refiren as consideracións Quinta a Novena.

2.- Son obxecto de **reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL (omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais), as facturas detalladas na consideración xurídica Sétima e Oitava** polos motivos e incumprimentos sinalados.

3.- Son obxecto de **reparo non suspensivo**, ao non ter amparo no artigo 216 do TRLFL os defectos observados, as facturas detalladas na consideración xurídica **Quinta e Sexta** polos incumprimentos nelas detallados.

4.- Son obxecto fiscalización de conformidade as facturas e gastos que se detallan na consideración xurídica **Novena**.

5.- A acción de enriquecemento inxusto debe ter carácter subsidiario. Con todo, o carácter subsidiario e excepcional que, por natureza, debe ter a acción de enriquecemento, non se cumpre. Esta figura pasou de ser "de uso excepcional" a unha práctica habitual do funcionamento das nosas institucións públicas, isto é "de abuso xeral".

O uso abusivo do enriquecemento inxusto "normaliza" a fuxida da lexítima condición de contratista polos leitos legais (procedementos de licitación con publicidade e concorrencia competitiva), e abre a porta aos conflitos de intereses ao "lexitimar" pagos por encargo á marxe dos devanditos leitos legais, en colisión frontal cos principios xerais da Unión Europea de igualdade, transparencia e libre concorrencia, así como coas regras que protexen a libre competencia no normal funcionamento dos mercados. Á súa vez, o abuso desta vía impide ou dificulta excesivamente o control da execución da prestación xa que, en moitos casos tan só existirá unha comprobación formal da investimento pero non material do acomodo real do encargo ás necesidades da Administración e a satisfacción desta.

Cabe destacar o presumible quebranto económico que o uso abusivo do enriquecemento inxusto pode ocasionar. O prexuízo que para as arcas públicas supoñen os encargos de prestacións sen concorrencia competitiva e, polo tanto, sen que exista unha comparativa de prezos que permitan equiparar o seu prezo ao seu xusto valor de mercado, poñendo en tela de xuicio os principios de necesidade, eficacia, eficiencia e economía que, entre outros, deben guiar o gasto público.

Os fondos utilizados por calquera Administración son públicos, é dicir, de todos os cidadáns e precisamente por iso non poden ser manexados sen cumprir unha serie de requisitos mínimos establecidos pola lei para asegurar que a Administración Pública sirva con obxectividade os intereses xerais e actúe dacordo con os principios de eficacia, jerarquia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito (art.103 Constitución).

6.- A última cuestión que procede abordar é a relativa á posible responsabilidade das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregulares, e respecto diso pódense facer as seguintes consideracións:

O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento común aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo da Administración recollido nos arts. 36 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

seu servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben descoido grave (SSTS de 23-09-1994 e 10-05-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva á que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou descoido grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliable economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

-Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersoal son quen os dita.
-Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
-A responsabilidade esixible o é na medida en que se causase dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou descoido grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
-Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou descoido grave de autoridades ou persoal dela dependente.
-A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptible de responsabilidade.
-A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
-En canto á responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Axuizamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas habemos de remitirnos á Disposición Adicional 19ª do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e actualmente á Disposición adicional 28ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que diferencian entre:

a.- Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AAPP derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración que se esixirá conforme a regulación contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na normativa regulamentaria de desenvolvemento da mesma.

b.- Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AAPP, no caso de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que se esixirá conforme á normativa especifica na materia.

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos se realizase sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos computadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLFL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación: así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no artigo 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non podemos esquecer o regulado nos arts. 11 e 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de trasparencia, acceso á información pública e bo goberno, concretamente o art. 28.c) cualifica como infracción moi grave os compromisos de gasto, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente ou con infracción do disposto na Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa preceptiva orzamentaria que sexa aplicable e o apartado d) cualifica cambien como infracción moi grave a omision do tramite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte a reparos suspensivos da intervención regulado na normativa orzamentaria .

En conclusión, tal e como establece o art. 103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito polo que as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido cumprimento da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ese cumprimento.

Advirto por escrito á Corporación que, de conformidade có artigo 5.2 do RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:

"2. Cuando en la práctica de un control el órgano interventor actuante aprecie que los hechos acreditados o comprobados pudieran ser susceptibles de constituir una infracción administrativa o dar lugar a la exigencia de responsabilidades contables o penales lo pondrá en conocimiento del órgano competente, de acuerdo con las reglas que se establecen a continuación:

a) Cuando los hechos pudieran ser constitutivos de delito, las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable, sin perjuicio de que el Tribunal de Cuentas conozca, en el ámbito de sus competencias, de aquellos hechos que hayan originado menoscabo de fondos públicos.

b) En el caso de hechos que pudieran ser constitutivos de infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria de las previstas en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que no siendo constitutivas de delito afecten a presuntos responsables comprendidos en el ámbito de aplicación de la citada ley, dará traslado de las actuaciones al órgano competente, sin perjuicio de poner los hechos en conocimiento del Tribunal de Cuentas por si procediese, en su caso, la incoación del oportuno procedimiento de responsabilidad contable.

c) En los restantes casos no comprendidos en los epígrafes a) y b) anteriores, se estará con carácter general a lo dispuesto en la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas y en la Ley 7/1988, del 5 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas" "

Tendo en conta que son obxecto fiscalización de conformidade as facturas e gastos que se detallan na consideración xurídica novena, e obxecto de reparo non suspensivo, ao non ter amparo no artigo 216 do TRLFL, as facturas detalladas na consideración xurídica quinta e sexta polos incumprimentos nelas detallados.

Polo exposto, e polo que **se propón ao Pleno a adopcion do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2026 por importe de 25.613,76 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplicacion
F/2025/1289	08/04/2025	2025/C5 000114	31/03/2025	2.992,40	B70414644	CETANOIL CECEBRE, S.L.	SUMINISTRO DE COMBUSTIBLE GASOLEO C PUNTO DE SUMINISTRO CENTRO SALUD	312 22103

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

							CAMBRE SAMOSTEIRO 4 EL 06-03-2025 Y 26-03-2025	
F/2025/1290	08/04/2025	2025/C5 000115	31/03/2025	4.485,00	B70414644	CETANOIL CECEBRE, S.L.	SUMINISTRO DE COMBUSTIBLE GASOLEO C PUNTO DE SUMINISTRO CASA CONSISTORIAL ATRIO 1 EL 24-03-2025	920 22103
F/2025/1572	06/05/2025	2025/C5 000152	30/04/2025	1.728,00	B70414644	CETANOIL CECEBRE, S.L.	SUMINISTRO DE COMBUSTIBLE GASOLEO C PUNTO DE SUMINISTRO CENTRO SALUD CAMBRE EN SAMOSTEIRO Nº 4 EL 15-04-2025	312 22103
F/2025/2023	12/07/2025	CAM 00107	30/06/2025	156,27	B70414644	CETANOIL CECEBRE, S.L.	SUMINISTRO DE GASOLEO A PARA VEHICULOS DE PROTECCION CIVIL MATRÍCULA 4103GBS Y 8495JSF, JUNIO 2025	1532 22103
F/2025/3192	06/10/2025	20253515800BO08L000021	06/10/2025	137,30	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	TASA PUBLICACION ANUNCIO CORRECCION ERROR ANUNCIO CONCURSO ELABORACION LISTA INGENIEROS O.P. EN BOP Nº 155 EL 18-08-2025	920 22603
F/2025/3301	06/11/2025	2025/M5 001986	31/10/2025	1.589,40	B70414644	CETANOIL CECEBRE, S.L.	SUMINISTRO DE COMBUSTIBLE GASOLEO C PUNTO DE SUMINISTRO CENTRO SALUD CAMBRE EN SAMOSTEIRO Nº 4 EL 08-10-2025	312 22103
F/2025/3545	26/11/2025	APSN000202500004323	25/11/2025	10.159,56	A28119220	OCCIDENTGCO, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL	SEGURO FLOTA DE VEHICULOS PERIODO 01-09-2025 A 01-03-2026	920 22400
F/2025/3584	03/12/2025	4004517957	30/11/2025	982,83	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	PRESTACION SERVICIOS DE CORREOS NOVIEMBRE 2025	920 22201
F/2025/3600	03/12/2025	2025/C5 000492	30/11/2025	1.351,50	B70414644	CETANOIL CECEBRE, S.L.	SUMINISTRO DE GASOLEO C PUNTO DE SUMINISTRO CENTRO SALUD CAMBRE EN SAMOSTEIRO Nº 4 EL 20-11-2025	312 22103
F/2025/3825	16/12/2025	20253515803OT11L000020	16/12/2025	206,00	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONTRAINCENDIOS Y SALVAMENTO POR ASISTENCIA RETIRADA ARBOL EN ROSALIA DE CASTRO EL 01-11-2023	920 22502
F/2025/3826	16/12/2025	20253515803OT11L000280	16/12/2025	586,00	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONSORCIO CONTRAINCENDIOS	920 22502

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

							Y SALVAMENTO POR ASISTENCIA RETIRADA ARBOL EN ESTORRENTADA 17 EL 09-09-23	
F/2025/3827	16/12/2025	20253515803OT11L000154	16/12/2025	200,00	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONSORCIO CONTRAINCENDIOS Y SALVAMENTO POR ASISTENCIA RETIRADA ARBOL EN ALVARO CUNQUEIRO EL 04-11-2023	920 22502
F/2025/3828	16/12/2025	2025351583OT11L000153	16/12/2025	224,00	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONSORCIO CONTRAINCENDIOS Y SALVAMENTO POR ASISTENCIA RETIRADA EN ALDEA DE ARRIBA EL 02-11-2023	920 22502
F/2025/3829	16/12/2025	20253515803OT11L000152	16/12/2025	214,00	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONSORICO CONTRAINCENDIOS Y SALVAMENTO POR ASISTENCIA RETIRADA ARBOL EN ALTAMIRA EL 02-11-2023	920 22502
F/2025/3830	16/12/2025	20253515803OT11L000150	16/12/2025	105,50	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONSORCIO CONTRAINCENDIOS Y SALVAMENTO POR ASISTENCIA RETIRADA ARBOL EN PIÑEIRO -BREXO EL 12-11-2023	920 22502
F/2026/508	15/01/2026	20263515803OT01L000047	15/01/2026	496,00	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	LIQUIDACION TASA CONSORCIO CONTRAINCENCIOS Y SALVAMENTO POR RETIRADA DE ARBOL EN ALDEA DE ARRIBA CECEBRE EL 17-01-2024	920 22502
			TOTAL	**25.613,76 euros**				

Segundo: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Varela Fraguío e Castro Uzal.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, López Louro e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: 2MTzgU1X0AwOCHbqEq49), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 30.367,02 EUROS

***Acceso á videoacta* – 00:20:43 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: 4lUEuoqoOS36qQySaD+8), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión extraordinaria de data 5 de marzo de 2026, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Vista a miña providencia de data 25 de febreiro de 2026 na que dispoño que polos servizos da Intervención municipal se proceda á fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas, nos termos do artigo 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, das facturas pendentes de aprobación correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores, que se detallan (CVD: PT2kOYtEFYiKIRgUbdDJ).

Visto o informe da intervencion municipal referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos, de data 25 de febreiro de 2026 (CVD: iXipkWRkJCj45t1oygi1), que, entre outros aspectos informa:

"III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O principio de anualidade.

Un dos principios básicos que rexen a execución do gasto na Administración Pública e, en particular, na Administración local é o principio de anualidade na imputación orzamentaria dos ingresos e gastos liquidados pola entidade. Así o artigo 163 do TRLFL dispón que: *"El ejercicio presupuestario coincidirá con el año natural y a él se imputarán: a) Los derechos liquidados en el ejercicio, cualquiera que sea el período de que deriven; y b) Las obligaciones reconocidas durante el ejercicio"*

De xeito máis concreto, o artigo 176.1 do mesmo texto legal precisa o criterio xeral de imputación de gastos e ingresos:

> "1. *Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario*".

No apartado 2 do citado precepto, recóllense as excepcións a esta regra xeral, as cales son as que seguen:

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

"*a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.*
b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el articulo 182.3"

En consecuencia, o principìo de anualidade exposto implica que o recoñecemento de obrigas económicas a cargo do concello deberá ser imputado e ter o seu reflexo contable e orzamentario con cargo aos orzamentos do mesmo ano no que se realizou a prestación, adquisición ou servizo, prohibíndose polo tanto, a imputación dos gastos a exercicios orzamentarios diferentes aos da realización do gasto, a excepción dos dous supostos previstos no artigo antes citado.

A maior abundamento, o artigo 175 do TRLFL establece que:

"*Los créditos para gastos que el último día del ejercicio presupuestario no estén afectados al cumplimiento de obligaciones ya reconocidas quedarán anulados de pleno derecho, sin más excepciones que las señaladas en el articulo 182 de esta Ley".*

O RD 500/1990 no seu artigo 26 reproduce o disposto no artigo 176 do TRLFL en materia de temporalidade dos créditos. Nembargantes e aínda que o TRLFL non contén previsión algunha ao respecto, o citado artigo 26 engade unha excepción máis ao principio de anualidade ao establecer que tamén poderán imputarse ao orzamento corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto legal (recoñecemento extraxudicial de créditos).

SEGUNDA.- O carácter subsidiario e excepcional do Enriquecemento Inxusto. Esixencia da concurrencia dunha serie de requisitos co fin de evitar que as situacións nas que pode darse un eventual enriquecemento inxusto se convertan nun medio fácil de eludir as esixencias formais e procedementais legalmente establecidas.

O artigo 173 do TRLFL dispón que "*Las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la hacienda local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos presupuestos,.., o de sentencia judicial firme*". Así pois, a sensu contrario, os gastos e en xeral as obrigas económicas que non teñan o seu orixe na execución de orzamentos ou que se teñan realizado vulnerando o procedemento de execución orzamentaria, non resultan esixibles da facenda local.

Así resultaría inviable a imputación dun gasto realizado no exercicio anterior ao orzamento corrente, dada a vulneración do principio de anualidade, e incluso tampouco resultaría esixible o pagamento do mesmo, por infrinxirse o procedemento de xestión orzamentaria.

Este rigor da norma resulta matizado pola figura do enriquecemento inxusto, a cal debe ter carácter subsidiario dado o quebranto económico que pode ocasionar o uso abusivo de dita figura.

Pódese definir o "*enriquecemento inxusto"* como unha figura resarcitoria de creación xurisprudencial, que cristalizou nun principio xeral do dereito informador do ordenamento xurídico que prohibe o enriquecemento inxusto, e na acción concreta *(actio rem in verso*) que, en sede contencioso-administrativa, ampara o resarcimento que emana do mesmo.

No ámbito das administracións públicas e do seu sector público instrumental, a vía do enriquecemento inxusto alcanza unha importancia extraordinaria por canto se configura como a **orixe dunha obrigación de pago aínda que ÚNICAMENTE cando concorren os requisitos da doutrina xurisprudencial**. Así, a este respecto o fundamento xurídico Terceiro da STS 4480/2023 (Sala de lo Contencioso, Sección: 3) Nº de Recurso: 6316/2020, Nº de Resolución: 1275/2023 dispón o seguinte: (* o subliñado é propio)

"(.../...) TERCERO.- La jurisprudencia de la Sala sobre la aplicación del principio de la prohibición del enriquecimiento injusto.

1.- El principio del enriquecimiento injusto o sin causa, que en su inicio fue elaborado por la jurisprudencia en el orden civil, ha sido acogido y viene siendo aplicado por la jurisprudencia de esta Sala, al menos, según señalan las sentencias de 15 de abril de 2002 (recurso 10381/1997) y 11 de mayo de 2004 (recurso 3554/1999), desde los años sesenta, con ciertas matizaciones derivadas de las singularidades propias de la relación jurídico administrativa.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

2.- En la aplicación del principio de enriquecimiento injusto o sin causa, esta Sala viene exigiendo los mismos requisitos establecidos por la jurisprudencia civil, que sintetizan las dos sentencias antes reseñadas en la forma siguiente:

"a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.
b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuaniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.
c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. d) O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.
La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia".

3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una nueva exigencia, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.

Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el desequilibrio "ha de estar constituido por prestaciones del particularque no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración"
(.../...)"

A este respecto cabe destacar que a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos (*** a negrita e o subliñado é propio**):

"(.../...) ***B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.***

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.
Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administraciónpoidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.
En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.
A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. ***Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite****.*
En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)"

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pon de manifesto o seguinte (*** a negrita e o subliñado é propio**):

"(.../...)
Entiendo que en base a dicha doctrina, ***no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista****.*
Como se ha expuesto ***la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado*** *(…./….) "*

O Consello Consultivo de Castilla y León sinala tamén sobre este particular no seu ditame 282/2016, de 28 de xullo o seguinte: : **(*a negrita e o subliñado é propio)**

"(…/…) **Para aplicar el límite derivado de la buena fe** o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es **necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla**. Esta exigencia es coherente con el fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que solo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.

En este sentido, el nivel de diligencia exigible dependerá de la persona del interesado, sin que pueda ser exigible el mismo nivel de diligencia, por ejemplo, a un experto en el asunto de que se trate que a un completo desconocedor del régimen jurídico de una materia. (.../...)"

Asemade, o Consello Consultivo de Andalucía no ditame 40/2022, de 27 de xaneiro expón o seguinte: **(*a negrita e o subliñado é propio)**

"(…./….) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el ***contratista*** *que* ***consiente una irregular actuación administrativa****, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se* ***constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios****. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento."*

TERCEIRA.- A existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Ao abeiro do artigo 170 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante. Os niveis de vinculación serán os que veñan establecidos en cada momento pola lexislación orzamentaria do Estado, salvo que regulamentariamente se dispoña outra cousa.

O artigo 31.2.a) do RD 500/1990, de 20 de abril, dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. A base 10ª das de execución do orzamento xeral para o exercicio 2024 prorrogado establece o seguinte nivel de vinculación xurídica para os créditos do capítulos para os créditos dos capítulos 2 (gastos correntes en bens e servizos), 4 (transferencias correntes), 6 (investimentos reais), e 7 (transferencias de capital):
- das Áreas de gasto 1 (Servizos públicos Básicos), 2 (Actuacións de protección e promoción social), e 3 (Produción de bens públicos de carácter preferente): a nivel de política de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.
Establécese como excepción ao nivel xeral de vinculación xurídica dos créditos, que os créditos do programa 337, vincularán a nivel de grupo de programa (tres díxitos).
- do resto das Áreas de gasto: a nivel de área de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.

Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente para os gastos aos que se refiren as consideracións Quinta a Novena (...).

IV.- CONCLUSIÓNS.

1.- O artigo 31.2.a) do RD 500/1990 de 20 de abril dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación para os gastos aos que se refiren as consideracións Quinta a Novena.

2.- Son obxecto de **reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL (omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais), as facturas detalladas na consideración xurídica Sétima e Oitava** polos motivos e incumprimentos sinalados.

3.- Son obxecto de **reparo non suspensivo**, ao non ter amparo no artigo 216 do TRLFL os defectos observados, as facturas detalladas na consideración xurídica **Quinta e Sexta** polos incumprimentos nelas detallados.

4.- Son obxecto fiscalizacion de conformidade as facturas e gastos que se detallan na consideración xurídica **Novena**.

5.- A acción de enriquecemento inxusto debe ter carácter subsidiario. Con todo, o carácter subsidiario e excepcional que, por natureza, debe ter a acción de enriquecemento, non se cumpre. Esta figura pasou de ser "de uso excepcional" a unha práctica habitual do funcionamento das nosas institucións públicas, isto é "de abuso xeral".

O uso abusivo do enriquecemento inxusto "normaliza" a fuxida da lexítima condición de contratista polos leitos legais (procedementos de licitación con publicidade e concorrencia competitiva), e abre a porta aos conflitos de intereses ao "lexitimar" pagos por encargo á marxe dos devanditos leitos legais, en colisión frontal cos principios xerais da Unión Europea de igualdade, transparencia e libre concorrencia, así como coas regras que protexen a libre competencia no normal funcionamento dos mercados. Á súa vez, o abuso desta vía impide ou dificulta excesivamente o control da execución da prestación xa que, en moitos casos tan só existirá unha comprobación formal da investimento pero non material do acomodo real do encargo ás necesidades da Administración e a satisfacción desta.

Cabe destacar o presumible quebranto económico que o uso abusivo do enriquecemento inxusto pode ocasionar. O prexuízo que para as arcas públicas supoñen os encargos de prestacións sen concorrencia competitiva e, polo tanto, sen que exista unha comparativa de prezos que permitan equiparar o seu prezo ao seu xusto valor de mercado, poñendo en tela de xuicio os principios de necesidade, eficacia, eficiencia e economía que, entre outros, deben guiar o gasto público.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Os fondos utilizados por calquera Administración son públicos, é dicir, de todos os cidadáns e precisamente por iso non poden ser manexados sen cumprir unha serie de requisitos mínimos establecidos pola lei para asegurar que a Administración Pública sirva con obxectividade os intereses xerais e actúe dacordo con os principios de eficacia, jerarquia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito (art.103 Constitución).

6.- A última cuestión que procede abordar é a relativa á posible responsabilidade das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregulares, e respecto diso pódense facer as seguintes consideracións:

O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento común aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo da Administración recollido nos arts. 36 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao seu servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben descoido grave (SSTS de 23-09-1994 e 10-05-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva á que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou descoido grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliable economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

-Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersoal son quen os dita.
-Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
-A responsabilidade esixible o é na medida en que se causase dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou descoido grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
-Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou descoido grave de autoridades ou persoal dela dependente.
-A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptible de responsabilidade.
-A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
-En canto á responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Axuizamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas habemos de remitirnos á Disposición Adicional 19ª do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e actualmente á Disposición adicional 28ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que diferencian entre:

a.- Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AAPP derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración que se esixirá conforme a regulación contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na normativa regulamentaria de desenvolvemento da mesma.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

b.- Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AAPP, no caso de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que se esixirá conforme á normativa especifica na materia.

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos se realizase sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos computadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLFL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación: así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no artigo 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

Non podemos esquecer o regulado nos arts. 11 e 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de trasparencia, acceso á información pública e bo goberno, concretamente o art. 28.c) cualifica como infracción moi grave os compromisos de gasto, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente ou con infracción do disposto na Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa preceptiva orzamentaria que sexa aplicable e o apartado d) cualifica cambien como infracción moi grave a omision do tramite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte a reparos suspensivos da intervención regulado na normativa orzamentaria .

En conclusión, tal e como establece o art. 103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito polo que as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido cumprimento da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ese cumprimento.

Advirto por escrito á Corporación que, de conformidade có artigo 5.2 do RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:

"2. Cuando en la práctica de un control el órgano interventor actuante aprecie que los hechos acreditados o comprobados pudieran ser susceptibles de constituir una infracción administrativa o dar lugar a la exigencia de responsabilidades contables o penales lo pondrá en conocimiento del órgano competente, de acuerdo con las reglas que se establecen a continuación:

a) Cuando los hechos pudieran ser constitutivos de delito, las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable, sin perjuicio de que el Tribunal de Cuentas conozca, en el ámbito de sus competencias, de aquellos hechos que hayan originado menoscabo de fondos públicos.

b) En el caso de hechos que pudieran ser constitutivos de infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria de las previstas en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que no siendo constitutivas de delito afecten a presuntos responsables comprendidos en el ámbito de aplicación de la citada ley, dará traslado de las actuaciones al órgano competente, sin perjuicio de poner los hechos en conocimiento del Tribunal de Cuentas por si procediese, en su caso, la incoación del oportuno procedimiento de responsabilidad contable.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

c) En los restantes casos no comprendidos en los epígrafes a) y b) anteriores, se estará con carácter general a lo dispuesto en la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas y en la Ley 7/1988, del 5 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas" "

Tendo en conta que son obxecto fiscalización desfavorable conr eparo suspensivo as facturas e gastos que se detallan na consideración xuridica sétima e oitava, polos incumprimentos nelas detallados.

Visto os informes emitidos polo axente de Protección Civil e coordinador do servizo de Emerxencia e Protección Civil en funcións con data 16.02.2026 (CVD: qXGz2jtYNnu/bJXSqlJT) e 24.02.2026 (CVD: 9Fxs61FeU0tSdvUczy28), e polo técnico de administración xeral en funcións de xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior por ausencia do titular, de data 25.02.2025 (CVD: bvn9mOjtyrXBcKgT1/Hq)

Vista a nota informativa da Secretaria municipal 13/2026 (rectificada) de data 25.02.2026, que comparte o criterio desfavorable da intervención municipal (CVD: 0n2ZdPJU+jlRDPZxmE2F) e , entre outros, informa que: *"(...) os respectivos contratos referidos ás prestacións verbo das que a sra. Interventora motiva os seus reparos na ausencia de procedemento de contratación debéronse adxudicar (sempre que estivera debidamente xustificada anecesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo) a través dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na legislación vixente ,resultando además, que o artigo 37 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público(LCSP), prohíbe a contratación verbal, ao establecer que "Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente,salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia".*

O artigo 99.2 da LCSP dispón que non poderá fraccionarse o obxecto dun contrato coa finalidade de diminuir a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos de adxudicación que corresponda. Infórmase que as contratacións verbais contraveñen a normativa de aplicación, xa que as contratacións verbais están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito.

En todo caso reitérase o informado por esta secretaría verbo da necesidade de proceder á contratación das diversas prestación regulares que requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de suministro o de servicios-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrencia, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación asícomo a xustificación do prezo do mesmoA Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:"(..../....)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.
(..../....)".

E polo que respecta á factura de MANU SPORTS CAMBRE,S.L. comparte esta secretaría o sinalado pola itnervención municipal verbo de que "se entende como subvención en especie, concedida sen amparo do debido procedemento de concesión.".

Polo exposto, e polo que **se propón ao Pleno a adopcion do seguinte acordo:**

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración sétima e oitava do mesmo (CVD: iXipkWRkJCj45t1oygi1).

Segundo: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2026 por importe de 30.367,02 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/917	07/03/2025	Emit- 136	06/03/2025	250,00	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	BONO CONCURSO DE DECORACION DE NAVIDAD EN CAMBRE 2024	433 48100
F/2025/940	10/03/2025	AIG 250231	06/03/2025	13116,89	W0186206I	AIG EUROPE SA SUSCURSAL EN ESPAÑA	POLIZA DE SEGURO Nº EA24AH1002 - SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DE GRUPO - PERIODO 01/02/2024-01/02/2025	920 22400
F/2025/941	10/03/2025	AIG 250237	06/03/2025	13116,89	W0186206I	AIG EUROPE SA SUSCURSAL EN ESPAÑA	POLIZA DE SEGURO Nº EA24AH1002 - SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DE GRUPO - PERIODO 01/02/2025-01/02/2026	920 22400
F/2025/3532	31/07/2025	A/167/25	24/06/2025	874,00	G49147291	ASOCIACION NACIONAL DE AGRUPACIONES Y ASOCIACIONES DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE ESPAÑA	SEGUROS VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE 13-03-2025 A 12-03-2026	135 22400
F/2025/3788	09/12/2025	027/25	09/12/2025	989,30	32840384H	ESTRAVIZ BRANDARIZ, MANUEL	REPARACION DE URGENCIA POR CARECER DE AGUA CALIENTE LOS VESTUARIOS DEL CAMPO DE FUTBOL DANI MALLO.	342 21200
F/2025/3798	11/12/2025	GC 2503307	11/12/2025	1.366,54	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	REPACION VEHICULO DE PROTECCION CIVIL MATRÍCULA 3962HMW .	135 21400
F/2025/3855	19/12/2025	142/25	18/12/2025	653,40	B70371950	REHABILITACIONES ASPER S.L.	TRABAJOS DE LIMPIEZA Y REPARACION DE CANALONES EN EL CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS.	323 21200
			TOTAL	**30.367,02 euros**				

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, quen, entre outras cousas, solicita deixar sobre a mesa dúas facturas incluídas na proposta.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral quen explica que a proposta que se somete é única; que poden formular esta proposta como unha emenda.

A voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, confirma que se formula como emenda

A continuación, interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez e a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral quen manifesta que, por seguridade xurídica, a emenda consiste en suprimir do apartado segundo as facturas que a seguir se relacionan:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/3788	09/12/2025	027/25	09/12/2025	989,30	32840384H	ESTRAVIZ BRANDARIZ, MANUEL	REPARACION DE URGENCIA POR CARECER DE AGUA CALIENTE LOS VESTUARIOS DEL CAMPO DE FUTBOL DANI MALLO.	342 21200
F/2025/3855	19/12/2025	142/25	18/12/2025	653,40	B70371950	REHABILITACIONES ASPER S.L.	TRABAJOS DE LIMPIEZA Y REPARACION DE CANALONES EN EL CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS.	323 21200

Intervén a alcadesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade e Lauda Fernández.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a emenda.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de febreiro de 2026, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, quedando a parte dispositiva do acordo redactada do seguinte xeito:

Primeiro: Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención referencia LGS - recoñecemento extraxudicial de créditos, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración sétima e oitava do mesmo (CVD: iXipkWRkJCj45t1oygi1).

Segundo: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2026 por importe de 28.724,32 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/917	07/03/2025	Emit- 136	06/03/2025	250,00	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	BONO CONCURSO DE DECORACION DE NAVIDAD EN CAMBRE 2024	433 48100
F/2025/940	10/03/2025	AIG 250231	06/03/2025	13116,89	W0186206I	AIG EUROPE SA SUSCURSAL EN ESPAÑA	POLIZA DE SEGURO Nº EA24AH1002 - SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DE GRUPO - PERIODO 01/02/2024-01/02/2025	920 22400
F/2025/941	10/03/2025	AIG 250237	06/03/2025	13116,89	W0186206I	AIG EUROPE SA SUSCURSAL EN ESPAÑA	POLIZA DE SEGURO Nº EA24AH1002 - SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DE GRUPO - PERIODO 01/02/2025-01/02/2026	920 22400
F/2025/3532	31/07/2025	A/167/25	24/06/2025	874,00	G49147291	ASOCIACION NACIONAL DE AGRUPACIONES Y ASOCIACIONES DE VOLUNTARIOS DE	SEGUROS VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE 13-03-2025 A 12-03-2026	135 22400

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

						PROTECCION CIVIL DE ESPAÑA		
F/2025/3798	11/12/2025	GC 2503307	11/12/2025	1.366,54	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	REPACION VEHICULO DE PROTECCION CIVIL MATRÍCULA 3962HMW .	135 21400
			TOTAL	**28.724,32 euros**				

Terceiro: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

CVD: /ewnQdq0DgIZamGq43WT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/